

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

10599 *Corrección de erros do Real decreto 557/2011, do 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Lei orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, tras a súa reforma pola Lei orgánica 2/2009.*

Advertidos erros no Real decreto 557/2011, do 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Lei orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, tras a súa reforma pola Lei orgánica 2/2009, publicado no «Boletín Oficial do Estado», suplemento en lingua galega número 103, do 30 de abril de 2011, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 10, no título XV, capítulo II, entre os artigos 264 e 266 debe incluírse o artigo 265, que foi omitido; debe dicir: «Artigo 265. Réxime xurídico dos centros de migracións».

Na páxina 16, na disposición derradeira primeira, primeiro parágrafo, onde di: «... ao abeiro do disposto no artigo 149.1.2.º da Constitución,...», debe dicir: «... ao abeiro do disposto no artigo 149.1.2.ª da Constitución,...».

Na páxina 16, na disposición derradeira primeira, segundo parágrafo, onde di: «... que se ditan ao abeiro do artigo 149.1.7.º da Constitución,...», debe dicir: «... que se ditan ao abeiro do artigo 149.1.7.ª da Constitución,...».

Na páxina 37, no artigo 39.5.b), onde di: «... e medie mala fe...», debe dicir: «... ou medie mala fe...».

Na páxina 38, no artigo 42.1, segundo parágrafo, onde di: «... sempre e cando se cumpran os requisitos previstos no artigo 105, excepto os puntos 2.b) e 3.e)...», debe dicir: «... sempre e cando se cumpran os requisitos previstos no artigo 105, excepto o número 2.b) e 3.d)...».

Na páxina 42, no artigo 48.4, primeiro parágrafo, onde di: «... logo de valoración do cumprimento dos requisitos previstos na alínea f) do artigo 46,...», debe dicir: «... logo de valoración do cumprimento do requisito previsto na alínea f) do artigo 46,...».

Na páxina 74, no artigo 89.4, primeiro parágrafo, onde di: «... e solicitará os informes da Administración Tributaria, incluída, de ser o caso, o da propia comunidade autónoma,...», debe dicir: «... e solicitará os informes da Administración Tributaria, incluído, de ser o caso, o da propia comunidade autónoma,...».

Na páxina 96, no artigo 125, primeiro parágrafo, onde di: «... Lei 12/2009, do 30 de outubro, reguladora do dereito de asilo e da protección internacional,...», debe dicir: «... Lei 12/2009, do 30 de outubro, reguladora do dereito de asilo e da protección subsidiaria,...».

Na páxina 96, no artigo 126.1, onde di: «...ou doutra clase de discriminación tipificada no artigo 22.4.ª do Código penal,...», debe dicir: «...ou doutra clase de discriminación tipificada no artigo 22.4 do Código penal,...».

Na páxina 153, no artigo 225.3, segundo parágrafo, onde di: «... que será establecido de acordo co disposto no número 2 do artigo 242 deste regulamento...», debe dicir: «... que será establecido de acordo co disposto no número 2 do artigo 245 deste regulamento...».

Na páxina 158, no artigo 238, segundo parágrafo, onde di: «... establecidos no artigo 216.2 deste regulamento...», debe dicir: «... establecidos no artigo 219.2 deste regulamento...».

Na páxina 160, no artigo 243, alínea c), onde di: «... de acordo co disposto no artigo 242.2 deste regulamento...», debe dicir: «... de acordo co disposto no artigo 245.2 deste regulamento...».

Na páxina 165, no artigo 254.1, onde di: «... 53.1.b), cando se trate de traballadores por conta propia, e 53.2.a); e moi graves do...», debe dicir: «... 53.1.b) e 53.2.a); e moi graves do...».

Na páxina 172, na disposición adicional segunda.1, onde di: «... no referido á necesidade motivación das resolucións denegatorias das autorizacións...», debe dicir: «... no referido á necesidade de motivación das resolucións denegatorias das autorizacións...».